



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Bases reitoras do proceso de selección mediante concurso de méritos dunha bolsa de educador/a da escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón en réxime de persoal laboral temporal, coa finalidade de atender as necesidades temporais de persoal que poidan xurdir no servizo.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto desta convocatoria a selección, mediante o sistema de **concurso de méritos**, de persoas aspirantes para a constitución dunha **bolsa de emprego de Educador/a da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón (grupo III)**, coa finalidade de atender as necesidades temporais de persoal que poidan xurdir no servizo.

A bolsa permitirá dispoñer dunha relación ordenada de persoas candidatas para atender, mediante os correspondentes chamamentos, as necesidades temporais de persoal que se produzan na Escola Infantil Municipal, sempre que concorra unha causa legal que xustifique a correspondente contratación temporal.

A inclusión na bolsa non outorga por si mesma dereito á contratación, nin garante a realización dun determinado número de contratos ou unha duración determinada da relación laboral.

As contratacións que, de ser o caso, se formalicen ao abeiro da bolsa terán carácter laboral temporal e deberán responder en cada caso á modalidade contractual e á causa de temporalidade legalmente procedentes, de conformidade co artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e coa restante normativa laboral aplicable.

En particular, cando a causa da contratación sexa a substitución dunha persoa traballadora con dereito á reserva do posto de traballo, formalizarase o correspondente contrato de substitución, nos termos establecidos legalmente, identificando no contrato a persoa substituída e a causa da substitución.

A bolsa non poderá utilizarse para cubrir necesidades de carácter estrutural ou permanente mediante contratacións temporais fóra dos supostos legalmente previstos.

As condicións económicas do posto serán as correspondentes ao posto de traballo de Educador/a da Escola Infantil Municipal, código RPT 4023, grupo III, segundo a relación de postos de traballo e a normativa ou convenio colectivo que resulte de aplicación.

As funcións a desenvolver serán as previstas na relación de postos de traballo e, entre outras, as seguintes:



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- *Labores educativas, atención e coidado dos nenos e nenas.*
- *Entrega de comidas.*
- *Atención a pais, nais e persoas responsables.*
- *Apertura e peche do centro.*
- *Calquera outra función relacionada co posto que lle sexa encomendada polo superior xerárquico, dentro do ámbito das súas competencias.*

A xornada de traballo será a que corresponda ao posto que se pretenda cubrir en cada chamamento, de acordo coas necesidades do servizo e coas condicións establecidas na relación de postos de traballo, no convenio colectivo e no correspondente contrato.

As condicións laborais son as do posto de traballo:

Posto de traballo	Educador/a da EIM
Código RPT	4023
Grupo Cotización	III
% cota patronal	33,50%
Tipo xornada	100,00%
	MENSUAL
Salario	863,73 €
Plus convenio	373,15 €
Complemento específico	264,84 €
Antigüidade	0,00 €
Pagas extraordinarias (parte proporcional)	250,29 €
Total	1.752,01 €
Seguridade Social a cargo do concello	586,92 €
Indemnización fin contrato	0,00 €
Gasto total	2.338,93 €

SEGUNDA. Publicidade.

A publicidade das bases farase mediante anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os resultados da valoración da fase de concurso, citacións e emplacements ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante o concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

TERCEIRA. Requisitos das persoas aspirantes para participar no proceso selectivo, presentación de solicitudes, documentación e prazos.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- *Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TREBEP, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.+*
- *Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*
- *Titulación: estar en posesión dalgún das seguintes titulacións e ter abonados os dereitos para a obtención do título (artigos 1.2, 8.1 e DF 1ª do Real Decreto 132/2010; artigos 1, 2.1, e DF 1ª do Real Decreto 476/2013):*
 - *Título de grao en Educación Infantil.*
 - *Mestre/a especialista en educación infantil (diplomatura).*
 - *Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil ou de Educación Preescolar (R.D. 1954/1994, do 30 de setembro, BOE nº 275, do 17/11/94).*
 - *Mestre en Educación Primaria coa especialidade de Educación Infantil ou Preescolar.*
 - *Técnico Superior en Educación Infantil.*

Son equivalentes a este os seguintes títulos (segundo a D.A. 3ª do Real Decreto 1394/2007, de 29 de outubro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Educación Infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas e o Decreto 226/2008, do 25 de setembro, DOG nº 198, do 13/10/08):

- *Técnico/a especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.*
- *Técnico/a especialista educador infantil, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.*
- *Técnico/a superior en educación infantil, establecido polo Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 86/1999, do 11 de marzo.*
- *Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto de traballo (anexo I)*



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- *Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial firme, para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ao emprego público. (anexo I)*
- *Posuír o título/certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 3, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.*
- *Posuír carné de manipulador de alimentos.*
- *Certificación negativa do rexistro central de delincuentes sexuais.*
- *Anexo I (modelo oficial de solicitude de participación e declaracións).*
- *Anexo II (autobaremo).*
- *Anexo III (no caso de ser necesario) (anexo certificado de servizos prestados para os que traballaron en Boqueixón)*
- *Pagamento da taxa por dereitos de exame.*
Xustificante bancario de pagamento da taxa por dereitos de exame que, de conformidade coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos (BOP n.º 147 do 04.08.2022), queda establecida en **60,00 euros**.

A taxa de participación no proceso selectivo debe ingresarse no número de conta: ES51 2080 0320 2031 1000 0344. Indicando no xustificante o nome e apelidos do/a aspirante á bolsa de emprego e o nome do posto de traballo **Educador/a da EIM**.

O cumprimento deste requisito deberá realizarse, inescusablemente, dentro do prazo de presentación de instancias. Non será posible a emenda, nin total nin parcial, fóra do citado prazo. Unicamente admitirase a emenda da acreditación da realización do pago no prazo indicado.

Para tomar parte no proceso selectivo terá que achegarse a documentación que se indica anteriormente por algún dos seguintes xeitos:

- *Telematicamente, a través da sede electrónica do concello (<https://sede.boqueixon.com/sxc/es/>)*



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- *Presencialmente, no Rexistro Xeral do concello.*
- *Por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

O prazo de presentación de instancias será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria en estrato das bases reguladoras no BOP da Coruña. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión dunha copia da instancia xa rexistrada ao correo electrónico emprego@boqueixon.es antes do remate do prazo para presentación de instancias.

Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

CUARTA. Admisión de aspirantes e lista provisional e definitiva

Terminado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as así como os excluídos/as, comunicando as causas e establecendo, no seu caso, un prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución no taboleiro de edictos, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón para a emenda de defectos. Se non se emendasen en dito prazo archivarase a instancia sen máis trámite e será excluído da lista de aspirantes.

Transcorrido o prazo de subsanación, pola alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos no seu caso, e publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón

QUINTA. Comisión seleccionadora

Composición

1 A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

representación de ningún.

2 A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE:

O secretario interventor da corporación ou funcionario/a en quen delegue,

B.- VOCAIS:

Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón ou doutra administración local que se designen.

C.- SECRETARIO/A:

Un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón, con voz pero sen voto.

3 A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. O tribunal calificador continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4 Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concurre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5 A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6 Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos artigos 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

SEXTA. Contido do proceso selectivo, desenvolvemento e cualificación

No suposto de que todos os aspirantes tivesen presentado o certificado CELGA 3, procederase directamente á fase de concurso.

Previamente á valoración dos méritos, deberase realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, á que concorrerán aqueles aspirantes que non tivesen achegado canda a solicitude certificado acreditativo do nivel CELGA 3. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

Esta proba será de carácter eliminatorio, e terá a cualificación de apto ou non apto, segundo



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

corresponda a xuízo do tribunal, e consonte aos criterios de corrección que o tribunal debe publicar no taboleiro de novas do Concello, como mínimo, corenta e oito horas antes do desenvolvemento da proba.

Consistirá na tradución escrita directa dun texto en castelán facilitado polo tribunal, á lingua galega, nun tempo máximo de 30 minutos. O texto será escollido polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, podendo formarse con parágrafos de distintos textos, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba, dado que o texto non poderá ter mais de 100 palabras, sendo cualificados como non aptos aqueles aspirantes que teñan 10 erros ou máis (tanto de tradución, como de gramática, como de acentuación).

As/os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídas/os do proceso selectivo.

*A/o aspirante deberá aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta convocatoria específica Anexo II. **Aqueles aspirantes que non presenten o autobaremo (anexo II) serán cualificados con 0 puntos nesta fase de concurso.***

*A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de **100 puntos**, distribuídos do seguinte xeito:*

- Experiencia profesional: máximo 60 puntos.*
- Formación: máximo 40 puntos.*

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL ate un máximo de **60 puntos**.

- A experiencia profesional no posto acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente do Informe de Vida Laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe/certificación expedida pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.*
- Admitiranse becas ou prácticas laborais no posto, debidamente acreditadas como arriba se indica, sempre que cotizasen á Seguridade Social*
- Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán presentar o anexo III para solicitar a expedición da correspondente certificación.*

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

- No caso de que a relación fose funcional deberá acreditarse mediante a resolución do nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e postos/prazas desempeñados, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada comisión seleccionadora, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estean suficientemente acreditados conforme ás bases.

Os méritos admisibles e avaliáveis serán unicamente os presentados ata a data de finalización do prazo de presentación que é o día anterior da realización da baremación dos méritos pola Comisión Seleccionadora. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes e ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 60 puntos establecido.

A) Servizos prestados como educadora de escola infantil ou prazas similares con un contido funcional análogo ao da convocatoria en calquera das distintas categorías.

a.1) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como Educador/a de Escola Infantil: 0,40 puntos por cada mes acreditado.

a.2) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,25 puntos por cada mes acreditado.

a.3) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas como Educador/a de Escola Infantil: 0,30 puntos por cada mes acreditado.

a.4) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,20 puntos por cada mes acreditado.

a.5) Por experiencia profesional no sector privado como Educador/a de Escola Infantil: 0,10 puntos por cada mes acreditado.

a.6) Por experiencia profesional no sector privado en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,05 puntos por cada mes acreditado.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

B) FORMACIÓN ate un máximo de **40 puntos**:

CURSOS DE FORMACIÓN: Pola realización de cursos directamente relacionados coas funcións a desenvolver e formación transversal tamén relacionada co posto. Valorarase 0,16 puntos por cada hora de formación (puntuación máxima a obter neste apartado é 40 puntos).

Toda a formación acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente dos títulos, diplomas ou certificados expedidos polo organismo ou centro correspondente, coa expresión do curso realizado, contido e número de horas.

A formación requirida como requisito mínimo non será avaliable.

Só se valorará a formación impartida en centros oficiais/homologados, universidades nacionais/internacionais, colexios oficiais, escolas oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas funcións do posto a desenvolver.

Valóranse os cursos realizados integramente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

No caso de aportar títulos/certificados, que non sexan de coñecementos de idiomas, obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o/a aspirante deberá acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente ou tradución xurada realizada por intérprete/tradutor habilitado ao español ou galego. En caso contrario, non serán valorados.

Non se valorarán diplomas de realización obradoiros, xornadas, seminarios, simposios, só se valorará a realización de cursos formativos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan as persoas candidatas presentadas, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal,

A puntuación final de cada aspirante virá dada pola suma total da puntuación dos diferentes apartados. No suposto de empate na puntuación final, a orde de desempate establecerase atendendo:

En primeiro lugar, á maior puntuación acadada no apartado B) dentro dos máximos marcados.

En segundo lugar, á maior puntuación acadada no apartado A) dentro dos máximos marcados.

No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2026 (letra "M", RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 16 do 26 de xaneiro de 2026).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Mendoza. A letra a ter en conta será o "M"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

SÉTIMA. Cualificación final e constitución da bolsa

A puntuación final de cada persoa aspirante será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, unha vez superada, cando proceda, a proba de lingua galega.

Ao tratarse dun proceso destinado á **constitución dunha bolsa de emprego**, non se establece un número máximo de persoas que poidan integrar a bolsa en función do número de postos existentes no momento da convocatoria.

A Comisión seleccionadora elaborará unha **relación ordenada de todas as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo**, de acordo coa puntuación final obtida.

Esta relación constituirá a bolsa de emprego de Educador/a da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

OITAVA. Resolución e formulación de contratos

1 Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da Corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón a relación provisional de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación obtida.

2 **Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de 3 días hábiles** computados a partir do seguinte ao da publicación, aos resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións provisionais.

De non presentarse alegacións, a relación provisional elevarase a definitiva.

3 **Chamamento.** Cando xurda unha necesidade temporal de persoal que poida ser atendida mediante contratación laboral temporal, o Concello efectuará o chamamento seguindo a orde de prelación da bolsa.

O primeiro chamamento realizarase á primeira persoa da bolsa que se encontre dispoñible e reúna os requisitos necesarios para a contratación concreta.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O chamamento efectuarase preferentemente por teléfono e poderá complementarse mediante correo electrónico ou outro medio que permita deixar constancia da comunicación.

De cada chamamento deixarase constancia no expediente.

No caso de non atenderse a chamada, esta repetirase ao día seguinte á mesma hora. De non ser atendida a segunda chamada, poderase proceder ao chamamento da seguinte persoa da bolsa, deixando constancia das actuacións realizadas.

A falta de contestación telefónica non se considerará, por si mesma, renuncia á bolsa, conservando a persoa aspirante a súa posición para futuros chamamentos.

4 A persoa chamada deberá comunicar a aceptación ou renuncia á oferta dentro do prazo que se lle indique.

A renuncia inxustificada a unha oferta de contratación poderá ser causa de exclusión da bolsa.

Non obstante, serán causas xustificadas de renuncia ou de suspensión temporal, entre outras:

a) Estar traballando para calquera Administración ou organismo público ou empresa privada, circunstancia que deberá acreditarse documentalmente.

b) Atoparse en situación de incapacidade temporal.

c) Outras situacións debidamente xustificadas que sexan apreciadas polo Concello conforme á normativa aplicable.

Nestes supostos, a persoa afectada manterá o dereito a permanecer na bolsa, nos termos que se establezan para a súa situación.

5 Actualización dos datos. As persoas integrantes da bolsa están obrigadas a manter actualizados os seus datos persoais e de contacto, sendo responsables da veracidade dos mesmos e das consecuencias derivadas da súa falta de actualización.

6 Reincorporación despois dunha contratación, A persoa integrante da bolsa que sexa contratada ao seu abeiro non causará baixa definitiva na bolsa pola simple formalización do contrato.

Unha vez finalizada a relación laboral, poderá reincorporarse á bolsa na posición que lle corresponda segundo a puntuación obtida, sempre que a bolsa continúe vixente e non conorra ningunha causa de exclusión.

NOVENA. Contratación

1.- Requisitos previos. A persoa chamada deberá manter os requisitos esixidos nas bases no momento da contratación.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

Antes da formalización do contrato deberá achegar, no prazo que lle indique o Concello, a documentación que se lle requira para acreditar os requisitos e formalizar a relación laboral, incluíndo, cando proceda:

- *Documento identificativo.*
- *Certificado IBAN da conta bancaria da súa titularidade.*
- *Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.*
- *Documentación acreditativa dos requisitos.*
- *Declaración relativa ao réxime de incompatibilidades.*
- *Calquera outra documentación necesaria para a formalización da relación laboral.*

Cando proceda, poderá esixirse o recoñecemento médico correspondente para garantir a capacidade funcional para o desempeño das funcións.

2.- Modalidade contractual. A contratación realizarase mediante a modalidade contractual que legalmente corresponda segundo a causa concreta que motive o chamamento.

De acordo co artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, os contratos de duración determinada só poderán celebrarse nos supostos legalmente previstos, entre eles os contratos por circunstancias da produción e os contratos de substitución. A causa habilitante, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista deberán quedar debidamente identificadas no contrato.

No caso de contrato de substitución, deberá identificarse a persoa substituída e a causa da substitución, nos termos establecidos legalmente.

3.- Duración dos contratos. A duración de cada contrato determinarase exclusivamente en función da causa que xustifique a contratación e dos límites establecidos pola normativa laboral aplicable.

A vixencia da bolsa ata o 31 de xullo de 2027 non constitúe por si mesma unha causa de extinción dos contratos formalizados ao seu abeiro.

Polo tanto, os contratos que se encontren validamente formalizados antes da finalización da vixencia da bolsa poderán continuar despois do 31 de xullo de 2027 cando así resulte da causa que os xustifica e da normativa aplicable.

A finalización da vixencia da bolsa impedirá realizar novos chamamentos ao seu abeiro, salvo prórroga ou outra habilitación legal, pero non determinará automaticamente a extinción das relacións laborais xa formalizadas.

4.- Extinción. A extinción do contrato producirase polas causas previstas na normativa laboral aplicable.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfís: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

No caso dun contrato de substitución, a relación laboral extinguirase cando concorra a causa legalmente prevista para a súa finalización, entre outras, cando se produza a reincorporación da persoa traballadora substituída ou desapareza a causa que deu lugar á reserva do posto de traballo.

No caso de contratación por circunstancias da produción, a duración e extinción estarán determinadas pola causa concreta que xustifique a contratación e polos límites legalmente establecidos.

5.- Incumprimento da normativa de contratación temporal. En ningún caso a utilización da bolsa poderá servir para superar os límites legais da contratación temporal ou para atender mediante contratos temporais necesidades estruturais ou permanentes cando non exista causa legal que xustifique a temporalidade.

As persoas contratadas incumprindo o establecido no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores adquirirán a condición que legalmente corresponda, incluída, nos supostos previstos legalmente, a condición de persoas traballadoras fixas.

DÉCIMA. Vixencia da bolsa

A bolsa de emprego terá unha vixencia ata o 31 de xullo de 2027.

A súa vixencia poderá ser prorrogada ou, de ser o caso, poderá acordarse a súa extinción anticipada mediante resolución do órgano competente, conforme á normativa aplicable.

A finalización da vixencia da bolsa determinará a imposibilidade de realizar novos chamamentos ao seu abeiro, salvo que se acorde legalmente a súa prórroga.

A vixencia da bolsa non afecta á duración dos contratos xa formalizados, que se rexerán pola súa causa, polo contrato subscrito e pola normativa laboral aplicable.

UNDÉCIMA. Incidencias

A Comisión seleccionadora está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para o seu correcto desenvolvemento, sempre dentro do establecido nas presentes bases e na normativa aplicable.

As súas decisións deberán quedar reflectidas nas correspondentes actas.

As cuestións relativas aos efectos, cumprimento e extinción das relacións laborais que se formalicen ao abeiro da bolsa serán competencia da xurisdición social, nos termos establecidos pola normativa



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tfns: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

reguladora da xurisdición social.

DUODÉCIMA. Lexislación aplicables

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao establecido na normativa vixente que resulte de aplicación e, en particular:

- *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*
- *Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, nos aspectos que resulten aplicables.*
- *Normativa aplicable en materia de protección de datos persoais.*
- *Convenio colectivo e demais normativa laboral aplicable ao persoal laboral do Concello de Boqueixón.*